



GUÍA RESUMO

MEDIDAS ESTABLECIDAS PARA A ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN COVID-19

CEIP PLURILINGÜE LABACA

CURSO 2020-2021

MEDIDAS DE PREVENCIÓN BÁSICAS

Cales son as medidas básicas que afectan ao centro educativo?

- ✚ Con carácter xeral, a actividade lectiva será presencial para todos os niveis. A suspensión xeralizada da actividade lectiva presencial de forma unilateral por parte da Comunidade Autónoma, únicamente se adoptará diante de situacións excepcionais.
- ✚ O centro educativo contará cun equipo formado na COVID-19 que será referencia para o resto do persoal, profesorado, alumnado e familias. O equipo estará formado pola persoa titular da dirección do centro e dous membros do profesorado
- ✚ O noso **centro de saúde de referencia será o de Federico Tapia.**

Que é a auto avaliación do alumnos/as?

- ✚ Para a detección precoz no alumnado, **os seus pais/nais/titores/as legais realizarán unha auto avaliación dos síntomas de forma diaria** a fin de comprobar se estes son compatibles cunha infección por SARS-CoV-2 cuxos resultados non teñen que enviarse ao centro, pero si comunicar a ausencia. Utilizarase a enquisa clínico-epidemiolóxica que se describe no *Anexo I* que **debe realizarse, cada mañá, antes da chegada ao centro. Diante da aparición de polo menos un dos síntomas que aparece na enquisa os proxenitores ou titores non enviarán ao alumno/a á clase** e solicitarán consulta co seu médico ou pediatra.

Que acontece cos alumnos vulnerables?

- ✚ No suposto de alumnado que poida ter a condición de vulnerable como consecuencia de patoloxías (agudas ou crónicas) que provoquen dependencia os criterios sanitarios que rexerán asistencia a clase ou, de ser o caso, a escolarización domiciliar serán os que recomende médico ou pediatra.

COMUNICACIÓNS OBRIGATORIAS DE SINTOMATOLOXÍA OU CONFIRMACIÓN

Que fai unha familia co seu fillo/a se ten síntomas?

- ✚ **No caso de que se detectase sintomatoloxía compatible na casa, o alumnado non acudirá ao centro** e a súa familia contactará inmediatamente co centro de saúde de referencia do alumno/a e con algunha das persoas membros do equipo COVID, a través do titor ou titora, do teléfono do centro ou do correo electrónico. Para a xustificación da ausencia, non será necesaria ningún xustificante médico, abondará co comprobante dos/as pais/nais ou titores/as legais. As ausencias derivadas desta causa terán a consideración de xustificadas.

Que acontece se os síntomas aparecen no centro educativo?

- ✚ Ante a detección de síntomas compatibles con infección por SARS-CoV-2 nun alumno/a, durante a estancia no centro ou á chegada ao mesmo, **contactarase telefonicamente coa súa familia ou persoa de referencia que deberá presentarse no centro á maior brevidade.** Unha persoa da familia solicitará consulta telefónica co seu pediatra ou o seu facultativo que valorará a consulta presencial e a solicitude dunha proba diagnóstica. Habilitarase, dende o inicio do curso, un espazo específico de uso individual no centro para illar a aquelas persoas nas que se detecten síntomas mentres non se xestiona o seu traslado

Un familiar ten unha proba positiva ou ten sospeita, que facer?

- ✚ **Se algunha persoa do núcleo familiar é sospeitosa de padecer a COVID-19, o alumnado que conviva con elas non poderá acudir ao centro** ata que se coñeza o resultado da proba e sexa negativo. A persoa afectada ou a súa familia comunicarán o resultado á persoa coordinadora COVID do centro.

MEDIDAS XERAIS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL

Cal é a distancia de seguridade entre persoas?

- ✚ De forma xeral, manterase unha distancia interpersonal de polo menos 1,5 metros nas interaccións entre as persoas no centro educativo.
- ✚ A organización do alumnado en educación infantil e primaria establecerase en grupos de convivencia estable.

Quen ten que usar máscara no centro educativo?

- ✚ **O uso da máscara será obrigatorio a partir dos 6 anos de idade** con independencia do mantemento da distancia interpersonal, sen prexuízo das exencións previstas no ordenamento xurídico.
- ✚ O alumnado (a partir do nivel de infantil) e o profesorado, así como o restante persoal, teñen a obriga de usar máscaras durante toda a xornada lectiva en todos os espazos do centro educativo, aínda que se cumpra coa distancia de seguridade. **Será obriga do alumnado levar unha segunda máscara de recambio, así como un estoxo específico para gardala en caso necesario**, como por exemplo no comedor o una hora da merenda.

Existen excepcións para o uso da máscara?

- ✚ A obrigación contida no apartado anterior non será esixible para as persoas que presenten algún tipo de enfermidade ou dificultade súa situación de discapacidade ou dependencia, non dispoñan de autonomía para quitarse a máscara, ou ben presenten alteracións de conduta que fagan inviable a súa utilización. A imposibilidade do uso da máscara deberá ser acreditada polo pediatra.

Os alumnos de infantil teñen que levar máscara?

- ✚ Sempre que sexa posible usarase a máscara.

Cales son as medidas máis importantes para previr a transmisión?

- ✚ Correcto uso da máscara.
- ✚ Distancia.
- ✚ Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca.
- ✚ Hixiene de mans.
- ✚ Ventilación dos espazos.

Que acontece cos eventos e actividades complementarias?

- ✚ Evitaranse aquelas actividades que supoñan a mestura do alumnado de diferentes grupos de convivencia ou clases, así como as que esixan unha especial proximidade, suprimindo da mesma maneira as actividades complementarias fóra do centro.

MEDIDAS XERAIS DE LIMPEZA NOS CENTROS

Cales son as medidas básicas de limpeza no centro?

- ✚ A limpeza levarase a cabo polo menos unha vez ao día, reforzándoa naqueles espazos que o precisen en función da intensidade de uso, como no caso dos aseos onde será de polo menos 2 veces ao día.
- ✚ Terase especial atención nas zonas de uso común e nas superficies de contacto máis frecuentes como pomos das portas, mesas, mobles, etc.

MEDIDAS XERAIS DE PROTECCIÓN COLECTIVA

Cal é a medida principal de protección colectiva?

- ✚ O uso da máscara por todo o alumnado, persoal do centro e outras persoas que accedan ao centro educativo é a medida básica de protección individual e colectiva.

Hai outras medidas de protección colectiva?

- ✚ Nas entradas dos centros disporase de produtos de hixiene que permitan realizar unha adecuada hixiene das mans.
- ✚ En todas as aulas, na zona máis próxima á porta da mesma, colocarse un dispensador de xel hidroalcohólico. Tamén haberá solución desinfectante para uso dos mestres/as.

XESTIÓN DOS GROMOS

Que facer cando se teñen síntomas?

- ✚ **Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.** Tampouco acudirán ao centros as persoas en espera de resultado de PCR por sospeita clínica.

Que se fai cando aparece un caso confirmado nun centro?

- ✚ No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de coronavirus nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19 incluírá na aplicación informática a información prevista do eventual afectado/a dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado, así como dos que sexan contacto máis próximos que estean vencellados ao centro educativo. A aplicación xerará unha alerta no Central de Seguimento de Contactos (CSC) quen se encargará da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos.

Cales son as medidas sanitarias que se activan?

- ✚ A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dunha proba diagnóstica. Tras a aparición dun caso confirmado da Covid 19 seguíanse as instrucións da Autoridade Sanitaria.

ESCENARIOS NO SUPOSTO DOS GROMOS

Como se xestiona un gromo nun centro? Que fai a autoridade sanitaria?

- ✚ A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar a corentena dun grupo determinado de contactos estreitos do centro escolar, o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade co previsto na "Guía de actuación ante la aparición de casos de COVID-19 en centros educativos", e co "Protocolo de actuación da Consellería de Sanidade en materia de Saúde Pública en relación con illamentos e corentenas para a prevención e control da infección por SARS-Co-V-2" publicada por Ordeda Consellería de Sanidade no D.O.G. do 20 de agosto de 2020.

Que acontece cando se suspenden as clases?

- ✚ Durante o período de corentena, os alumnos e alumnas pasarán ao ensino non presencial.
- ✚ Finalizado o período de illamento das persoas que conforman unha aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de retorno a actividade educativa ordinaria presencial. O Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia determinará o momento a partir do cal se iniciará o retorno e as medidas específicas que sexa preciso adoptar e o comunicará ao centro.

MEDIDAS DE CARÁCTER ORGANIZATIVO

Organización e documentos do centro

- ✚ O equipo COVID elaborará un “Plan de adaptación a situación COVID-19 no curso 2020/2021” no que se determinen ás concrecións das medidas para o centro educativo individualizado. O documento deberá ser aprobado pola dirección do centro educativo e do seu contido será informado o consello escolar, para a súa posterior publicación na páxina web.
- ✚ Tamén se redactará un Plan de continxencia e un Plan de acollida, que será publicado, do mesmo xeito na páxina web do centro.

Como se organiza o traballo na aula?

- ✚ Na aula, no propio pupitre ou noutro lugar diferenciado, o alumnado gardará o seu material. Cada alumno/a deberá ter o seu material gardado en contenedores propios como estoxos ou semellantes e todo rotulado co seu nome.
- ✚ Nas perchas o material ou roupa colocárase do xeito mais individualizado posible.

Como son os recreos?

- ✚ Os recreos dividiranse en 3 quendas, e habilitaranse zonas separadas e rotatorias para cada un dos grupos de convivencia estable.
- ✚ Non está permitido o uso das randeiras, nin tampouco que ningún alumno/a traia da súa casa xoguetes, cartas, cromos ou calquera outro material susceptible de ser compartido.

Regulación de circulacións e de entradas e saídas

Como se regulan as entradas e saídas para previr contaxios?

- ✚ Habilitaranse diferentes entradas para o alumnado dos diferentes niveis educativos e quendas de entrada distanciadas no tempo (**véxase táboa do Anexo II**).
- ✚ **No nivel de ensino infantil o alumnado poderá chegar ao centro acompañado dun só familiar e agardar nun espazo diferenciado para a entrada a aula.** Os acompañantes deberán usar máscara. Para o alumnado de educación primaria as entradas e saídas regularanse directamente ao exterior do recinto, non podendo entrar no mesmo ningún acompañante.
- ✚ Nos corredores estableceranse sentidos de entrada e saída diferentes en ambas marxes do corredor.
- ✚ Na entrada e saída da aula e nos momentos de retorno do recreo o profesorado velará pola orde dos movementos e fluxos do alumnado.
- ✚ Para a saída do centro e para o inicio do servizo de comedor flexibilizarase o horario dentro da última hora lectiva.
- ✚ É imprescindible a **PUNTUALIDADE** para levar a cabo as circulacións de maneira segura.

MEDIDAS RELATIVAS ÁS FAMILIAS E ANPAS

Que acontece coas actividades extraescolares do centro?

- ✚ A realización de actividades extraescolares fóra da xornada lectiva dentro do recinto do centro educativo, sexan organizadas pola ANPA do centro ou polos concellos, están condicionadas á aprobación dun protocolo, e á autorización correspondente por parte da dirección do centro.

Cal será a canle de comunicación coas familias?

- ✚ Os Consellos Escolares celebráranse preferentemente de xeito telemático.
- ✚ Nas reunións de titoría e nas comunicacións por outros motivos coas familias priorizarase a comunicación por teléfono ou videochamada.
- ✚ Utilizarase como mecanismo de comunicación xeral coas familias a páxina web do centro.

ANEXO I. ENQUISA DE AUTOAVALIACIÓN CLÍNICA DO COVID-19

Esta enquisa pretende ser útil para que a comunidade educativa poida identificar síntomas clínicos de sospeita de ter infección por coronavirus. De presentar calquera destes síntomas solicite consulta no seu centro de saúde.


Presentou nas últimas 2 semanas?		SI	NON
Síntomas respiratorios	Febre maior de 37,5°C		
	Tose seca		
	Dificultade respiratoria		
Outros síntomas	Fatiga severa (cansazo)		
	Dor muscular		
	Falta de olfacto		
	Falta de gusto		
	Diarrea		

Ten actualmente algún dos síntomas? Sinalar cales e cando comezaron.

		SI	NON
Tivo CONTACTO nas últimas 2 semanas?	cunha persoa COVID-19 + confirmado?		
	cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID-19?		
CONVIVIU nas últimas 2 semanas?	cunha persoa COVID-19 + confirmado?		
	cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID-19?		

ANEXO II. ORGANIZACIÓN DAS ENTRADAS E SAÍDAS

O acceso ao recinto escolar farase por tres portas diferenciadas, ao igual que as saídas:



ORGANIZACIÓN DAS ENTRADAS

EDUCACIÓN PRIMARIA

9:00h	1º, 2º e 3º nivel, entrada A do centro. Despois disporanse en filas na parte do patio cuberto máis lonxe á porta de entrada ao edificio (sinalizado no plano en azul). Alí, estarán sinalizados no chan os cursos, separados segundo a distancia de seguridade.
9:00h	4º, 5º e 6º nivel, entrada B do centro. Despois disporanse en filas na parte do patio cuberto máis preto da porta de entrada ao edificio (sinalizado no plano en amarelo). Alí, estarán sinalizados no chan os cursos, separados segundo a distancia de seguridade.

EDUCACIÓN INFANTIL

9:15h	4º ed. infantil (3 anos), entrada C do centro. Despois disporanse en fila no patio cuberto de infantil (sinalizado no plano en vermello). O acompañante poderá acceder ata o patio cuberto de infantil pola mesma porta de entrada, con obrigatoriedade do uso de máscara e distancia.
9:15h	5º e 6º ed. infantil (4 e 5 anos), entrada B do centro. As mestras das súas aulas recollerán aos seus alumnos/as no patio cuberto para proceder xa a formar ringleiras en lugares separados no interior do edificio. O acompañante poderá acceder ata o patio cuberto de infantil pola mesma porta de entrada, con obrigatoriedade do uso de máscara e distancia.

EDUCACIÓN PRIMARIA

13:50h	1º, 2º e 3º nivel: Saída pola mesma de entrada (A)
14:00h	4º, 5º e 6º nivel: Saída pola mesma porta de entrada (B)

EDUCACIÓN INFANTIL

13:30 h	4º ed. infantil: Saída pola mesma porta de entrada (C) . O acompañante poderá esperar no patio cuberto de infantil mantendo a distancia e co uso obrigatorio de máscara.
13:40 h	5º e 6º educación infantil: Saída polas mesmas portas polas que entraron (B) . O acompañante poderá esperar no patio cuberto de infantil mantendo a distancia e co uso obrigatorio de máscara